



REAL ACADEMIA GALEGA

## ESTATUTOS E REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA REAL ACADEMIA GALEGA

A Coruña, 2001

### PRÓLOGO


A creación da Academia Galega o día 4 de setembro de 1905 na Casa do Consulado da Coruña foi o resultado do intelixente e xeneroso impulso procedente da *Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega*, creada en Cuba por un grupo de patriotas da cultura entre os que destacan Xosé Fontenla Leal, polo seu entusiasmo e capacidade organizadora, e Manuel Curros Enríquez, pola súa *auctoritas* de poeta civil. É ben posible que a Academia non chegase a nacer e consolidarse sen o pulo e a axuda económica permanente dos galegos emigrados a Cuba.

O 25 de agosto de 1906 o rei de España aprobaba os primeiros estatutos e concedíalle o título de Real. É a segunda Academia da Lingua máis antiga de España e Manuel Murguía foi o seu primeiro Presidente.

A primeira preocupación desta corporación foi lexicográfica e gramatical pero non estiveron ausentes as preocupacións literarias, arqueolóxicas e históricas, porque se necesitaba unha Academia que acelerase o rexurdimento global da cultura de Galicia.

Os entusiastas traballos da Academia víronse axiña complementados polos das Irmandades da Fala, da Xeración Nós e mais do Seminario de Estudos Galegos. Pero o silenciamento de orixe bélica entre 1936 e 1949 foi duro para todos e tamén foi duro e duradeiro na Academia; e mesmo así, dende 1949 a cultura galega volveu dar síntomas de vitalidade no eido editorial, no museístico, no universitario e finalmente, trala chegada da autonomía, no institucional: todo isto fixo que hoxe, case cen anos despois, estean feitos ou moi avanzados moitos dos traballos para os que se creou a Real Academia Galega. A vixente Constitución española (1978) recoñécelle á lingua galega o carácter de cooficial en Galicia, mentres que o Estatuto de Autonomía de Galicia (1981) e a Lei de Normalización Lingüística (1983) obrigan o Goberno galego a traballar activamente na promoción e defensa desta lingua e desta cultura.

O galego ten hoxe un estándar ortográfico e gramatical único, estable e suficientemente consolidado, codificado pola Academia coa colaboración do Instituto da Lingua Galega. As normas facilitaron moito o seu ensino masivo e a intensa produción cultural. A lingua propia de Galicia, presente tamén nos medios de





## REAL ACADEMIA GALEGA

comunicación, está hoxe estudiada, prestixiada e difundida internacionalmente gracias ó traballo altamente especializado de numerosas persoas, non sempre membros desta Academia.


A función da Real Academia Galega mudou nestes case cen anos. Hoxe xa non é o único ámbito de estudo científico ou de promoción da lingua e cultura galega, senón que comparte esa tarefa co Goberno de Galicia, cos traballadores de tódolos niveis do ensino e da investigación, con múltiples e dinámicas asociacións e entidades culturais e con numerosas iniciativas privadas. E, sen embargo, unha lei de 1983 outorgoulle a esta Corporación unha *auctoritas* lingüística que debe exercer no ámbito normativo. Os presentes estatutos amplían esta responsabilidade ó estudo científico e á difusión da lingua.

Tamén a situación da lingua galega mudou nestes case cen anos. O impresionante abandono do mundo rural, que durante mil anos fora o seu feudo, provocou a necesidade de facela igualmente fluída nas complexas estruturas da vida urbana. E nesta loita cultural os falantes teñen que facer fronte a vellas inercias, á moderna globalización e ó carácter unidireccional dos medios de comunicación. Os problemas son novos e a situación moi distinta da que tiñan diante os fundadores da Academia. A estas novas demandas, que están vencelladas ó porvir da lingua, deben responder tamén os traballos da Academia.

Por todo o exposto, a Real Academia Galega ten a obriga moral e cultural de constituírse nun futuro nunha institución centrada no idioma galego; razón pola cal os membros que a constituían deberán provir, en boa parte, das disciplinas lingüísticas e literarias, se ben a Academia deberá ter no seu seo persoas moi relevantes noutros saberes, moitos dos cales (Historia, Belas Artes, Medicina, Ciencias naturais, etc.) son, en ocasións, esenciais para resolvermos problemas lingüísticos; léxicos, sobre todo. A Academia Galega realizará cantos estudos lingüísticos e literarios foren necesarios, para, en cada momento, establece-los criterios idiomáticos que configuren a norma culta do idioma.

Precísanse ideas novas, traballos novos e mesmo persoas novas. Por iso dende 1985 a R.A.G. puxo en marcha unha profunda renovación, entre outras cousas, dos seus estatutos (que, por diversas circunstancias, non deu culminado ata o 25 de febreiro do ano 2000) e do novo Regulamento de Réxime Interno, aprobado en sesión de 4 de novembro do 2000 e refrendados na do 13 de xaneiro do 2001.

*Aprobado no Plenario do 17.3.2001*





REAL ACADEMIA GALEGA

## ESTATUTOS DA REAL ACADEMIA GALEGA

**Aprobados pola R.A.G. en sesión extraordinaria do 3.6.1999**

**Aprobados por Real Decreto 271/2000 de 25 de febreiro**

**BOE 4.3.2000 (edición en castelán)**

**BOE 31.3.2000. Suplem. nº 5 (edición en galego)**

REAL DECRETO 271/2000, do 25 de febreiro, polo que se aproban os estatutos da Real Academia Galega.

Os estatutos primitivos da Real Academia Galega, aínda vixentes, datan de 1906 e foron promovidos pola Asociación Iniciadora e Protectora da Academia na Habana cuns fins entre os que figuraban a protección e difusión da lingua galega.

O tempo transcorrido desde entón e a propi evolución da sociedade fan necesario redactar uns novos estatutos que se adapten á realidade actual, redefinindo o traballo que lle corresponde a esta institución que, prioritariamente, está constituído polas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, función que lle é encomendada na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, aprobada unánimemente polo Parlamento de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación e Cultura, de conformidade co informe do Instituto de España e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de febreiro de 2000,

D I S P O Ñ O :


**Artigo único.** *Aprobación dos estatutos.*

Apróbanse os estatutos da Real Academia Galega, que figuran como anexo a este real decreto.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogados os estatutos da Real Academia Galega, aprobados por Real decreto do 25 de agosto de 1906.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*





## REAL ACADEMIA GALEGA

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de febreiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación e Cultura,

MARIANO RAJOY BREY

### ANEXO

### ESTATUTOS DA REAL ACADEMIA GALEGA

#### CAPÍTULO I

#### Denominación, fins, ámbito e domicilio

##### Artigo 1

A Real Academia Galega é unha institución científica que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego.

##### Artigo 2


Son finalidades da Real Academia Galega:

a) Establece-las normas referidas ó uso correcto da lingua galega, conforme o disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, do Parlamento de Galicia, nomeadamente:

1. A elaboración da norma gramatical, ortográfica e fónica.
2. O inventario do léxico e a proposta dun diccionario de uso.
3. A modernización e actualización do léxico.

b) Estudiar e propo-la restauración da onomástica galega.

c) Velar polos dereitos do idioma galego.





## REAL ACADEMIA GALEGA

d) Defender e promove-lo idioma galego.

e) Asesora-los poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social.

f) Estudiar e dar a coñece-lo patrimonio literario e documental da institución.

g) Decidi-la personalidade literaria á que cada ano se lle dedica o Día das Letras Galegas.

A Real Academia Galega levará a cabo, coa periodicidade que se estableza, sesións de traballo destinadas ó cumprimento destas finalidades.

### Artigo 3

A lingua propia da Real Academia Galega é o galego.

### Artigo 4

Enténdese por idioma galego o propio de Galicia, así coma as súas variantes faladas nos territorios exteriores (Asturias, León e Zamora) .

### Artigo 5

A Real Academia Galega ten personalidade xurídica propia e, en consecuencia, plena capacidade para o cumprimento dos seus fins e en concreto para:


a) Establecer relacións e asinar acordos con outras institucións científicas e culturais.

b) Adquirir e posuír bens de todo tipo a título oneroso ou gratuito, obrigarse por contrato con calquera persoa pública ou privada e exercer accións conforme dereito.

c) Dispor libremente dos seus recursos económicos, que proceden de subvencións institucionais ou doazóns e do patrimonio propio, para levar a cabo as súas finalidades, sen prexuízo do rendemento de contas a quen e cando for procedente.

### Artigo 6

O domicilio social da Real Academia Galega está na cidade da Coruña, no edificio número 11 da rúa Tabernas, e poderá establecer delegacións, especialmente dentro do seu ámbito lingüístico.





## CAPÍTULO II

### Organización

#### Artigo 7

A Academia componse de académicos de honra, de número e correspondentes.

#### Artigo 8

Os académicos de número son trinta. Son membros numerarios os que, elixidos polo Pleno, gozan de tódolos dereitos e teñen tódalas obrigas previstas nestes estatutos e nos regulamentos da institución. A condición de académico de número perderase cando se produza o traslado definitivo do académico fóra do territorio do dominio lingüístico galego. Neste caso pasará a académico de honra.

#### Artigo 9

A Real Academia Galega poderá nomear académicos de honra aquelas persoas que teñan prestado valiosos servizos a Galicia nos ámbitos dos que se ocupa a institución.

#### Artigo 10

Son académicos correspondentes aqueles que, nomeados polo Pleno, colaboran nas tarefas científicas da institución, e non participan nos órganos de goberno. O seu número é de sesenta.

#### Artigo 11


A condición de académico é vitalicia e perderase a pedimento propio, ou por decisión do Pleno, logo de audiencia do interesado, por incumprimento das obrigas ou por falta grave contra a institución.

#### Artigo 12

O procedemento de elección de académicos rexerase polo establecido no Regulamento de réxime interno da Real Academia Galega. Para ser candidato será necesaria a presentación por parte de tres académicos de número.

#### Artigo 13

Os órganos de goberno da Real Academia Galega son de dous tipos: colexiados e unipersoais. Son órganos colexiados: o Pleno e a Comisión Executiva. Son órganos unipersoais: o presidente, o secretario, o tesoureiro, o arquiveiro-bibliotecario e o vicesecretario.





### CAPÍTULO III

#### Obrigas dos académicos

##### Artigo 14

Os elixidos académicos de número adquirirán a condición de tales despois da lectura do discurso de ingreso.

##### Artigo 15

Os académicos de número serán elixibles para tódolos cargos da Academia, e teñen a obriga de asistir en ás xuntas e reunións, participaren nas votacións regulamentarias e tomaren parte nas tarefas de investigación da institución e noutras que se lles encomenden.

##### Artigo 16

Os académicos correspondentes están obrigados a cooperar cos fins da Real Academia Galega, cumprindo os encargos e comisións que se lles confíen.

### CAPÍTULO IV

#### Dos órganos de goberno, das súas funcións e do seu funcionamento

##### Artigo 17

O Pleno está constituído polos académicos de número e reunirse en Xuntas ordinarias e extraordinarias.


##### Artigo 18

A Xunta ordinaria terá lugar polo menos cada dous meses.

##### Artigo 19

As Xuntas extraordinarias serán de carácter público ou privado.

##### Artigo 20





## REAL ACADEMIA GALEGA

As Xuntas extraordinarias de carácter público terán lugar con motivo da toma de posesión dos novos académicos de número, homenaxes, conmemoracións e actos en xeral que, a xuízo da Comisión Executiva, deban ser revestidos de especial solemnidade.

### Artigo 21

As Xuntas extraordinarias de carácter privado terán lugar cando o considere oportuno a Comisión Executiva, para tratar algún tema de carácter especial, ou ben a pedimento dun tercio dos membros de número.

### Artigo 22

As Xuntas, calquera que sexa o seu carácter, serán convocadas polo presidente con oito días de anticipación, e a elas deberán asistir tódolos académicos de número. Para que se poida constituír será necesaria a presenza da metade dos membros máis un en primeira convocatoria, e en segunda convocatoria constituirase cos membros presentes. Os acordos serán tomados pola maioría que se determine no regulamento, segundo a importancia dos asuntos. Non son válidos os votos delegados.

### Artigo 23

As Xuntas da Academia serán dirixidas polo seu presidente e, na súa ausencia, polo secretario. Neste último caso, o vicesecretario desempeñará as funcións de secretario.


### Artigo 24

A Comisión Executiva está constituída polo presidente, o secretario, o tesoureiro, o arquivista-bibliotecario e o vicesecretario. Reuniranse tantas veces como dispoña o presidente e, polo menos, unha vez ó mes. A Comisión Executiva actúa por delegación do Pleno, exerce o goberno da institución e é a encargada de establecer a orde do día das Xuntas. Tódolos cargos son elixidos polo Pleno por un período de catro anos, e son reelixibles consecutivamente unha soa vez, por idéntico prazo, na mesma función. A elección farase por votación secreta en Xunta extraordinaria privada dedicada a esta finalidade concreta. Para que a elección sexa válida será preciso que o candidato obteña a maioría absoluta de votos. Se ningún candidato obtiver esta maioría procederase a unha segunda votación na que abondará a maioría simple.

### Artigo 25

Corresponde ó presidente:

- a) Convocar e presidi-las reunións da institución.







## REAL ACADEMIA GALEGA

- b) Velar polo cumprimento dos seus estatutos, regulamentos e acordos.
- c) Representa-la institución ante toda clase de entidades públicas ou privadas.
- d) Exerce-las demais facultades que se lle confiran polos regulamentos e acordos da institución.
- e) En ausencia do presidente asumirá as súas funcións o secretario e, en ausencia deste, o académico máis antigo e, en caso de igual antigüidade, o de maior idade.

### Artigo 26


Corresponde ó secretario:

- a) Redacta-la acta de cada sesión, dar lectura dela e asinala co visto e praxe do presidente, despois de aprobada.
- b) Custodia-lo libro de actas, e leva-lo rexistro de tódolos académicos co historial de cada un.
- c) Exerce-la xefatura do persoal de administración e membros non académicos.
- d) Encargarse da correspondencia e do seu rexistro, e dar conta dela nas sesións.
- e) Redacta-la memoria anual e presentala á Academia na sesión correspondente.
- f) Substituí-lo presidente en ausencia deste. Neste caso as funcións de secretario serán asumidas polo vicesecretario e, en ausencia deste, polo académico máis recente.
- g) Desempeña-las demais funcións que se lle confiran polos regulamentos e acordos do Pleno.

### Artigo 27

Corresponde ó tesoureiro:

- a) Responsabilizarse do patrimonio da institución.
- b) Responsabilizarse da contabilidade da institución.
- c) Recada-las cantidades que por calquera concepto perciba a institución.





## REAL ACADEMIA GALEGA

d) Efectua-los pagamentos.

e) Render contas semestralmente ó Pleno da Academia, sen prexuízo de facelo ó presidente ou á Comisión Executiva sempre que for requirido para iso.

### Artigo 28

Corresponde ó arquiveiro-bibliotecario:

a) Velar pola conservación e ordenación de libros, manuscritos e documentos da institución.

b) Coordina-la adquisición de fondos bibliográficos e documentais.

c) Facilita-lo acceso a tales libros, manuscritos e documentos, conforme as normas que se establezan en regulamento especial.

d) Dar conta en cada sesión das novas adquisicións.

### Artigo 29

Corresponde ó vicesecretario:

a) Substituí-lo secretario en ausencia deste.

b) Auxilia-lo secretario en tódalas funcións que este lle encomende.

## CAPÍTULO V

### Fondos da Academia


#### Artigo 30

Os fondos da Academia están constituídos por:

a) Doazóns de toda índole que con tal finalidade realizaren as administracións públicas, corporacións, institucións e particulares.

b) O produto das publicacións e traballos da Academia.

c) Aqueloutros fondos que puider arbitra-la Academia.





**REAL ACADEMIA GALEGA**

## **CAPÍTULO VI**

### **Das modificacións, derogación e desenvolvemento dos estatutos**

#### Artigo 31

Os presentes estatutos non poderán ser derogados nin modificados a non ser pola Academia reunida para tal efecto en Xunta extraordinaria. Será necesario para a súa derogación ou modificación o voto favorable de dous tercios dos académicos.

#### Artigo 32

As disposicións destes estatutos serán desenvolvidas nos oportunos regulamentos.

## **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

### **DA REAL ACADEMIA GALEGA**

#### **PREÁMBULO**

A Real Academia Galega, creada en 1905, réxese actualmente polos Estatutos aprobados por Real Decreto 271/2000 de 25 de febreiro (BOE 4.3.2000) e, consonte o art. 41 deses mesmos Estatutos, dáse o presente Regulamento de Réxime Interno, aprobado polo Plenario da corporación o 4.11.2000 e refrendado o 13.1.2001.

#### **CAPÍTULO I**


### **Emblemas, insignias e selos da Academia**

#### Artigo 1

O brasón da Real Academia Galega é o escudo de Galicia coa lenda REAL ACADEMIA GALEGA e co lema COLLIGIT, EXPVRGAT, INNOVAT.

#### Artigo 2

A medalla correspondente ós académicos numerarios é de prata dourada e de forma ovalada; ten, por un lado, un sol raiante rodeado polo lema e, polo outro, o





## REAL ACADEMIA GALEGA

escudo de Galicia coa inscrición REAL ACADEMIA GALEGA. Sobre a medalla, a coroa real; o cordón é azul, branco e dourado.

As medallas dos académicos das demais clases serán prateadas.

### Artigo 3

Os académicos numerarios e os de honra recibirán no acto de toma de posesión a súa medalla como agasallo da Academia.

### Artigo 4

O emblema da Real Academia Galega é o escudo de Galicia sobre un soporte semellante a un pergamiño que se metamorfiza en grifo. O carimbo está constituído por dous círculos concéntricos; entre medias dos dous, a lenda REAL ACADEMIA GALEGA na parte superior, e o lema COLLIGIT, EXPVRGAT INNOVAT na inferior. No interior do círculo interno, un sol raiante sobre o mar.

## CAPÍTULO II


### Medios que empregará a Academia para cumprir-las súas funcións

#### Artigo 5

a) A Real Academia Galega consta, en principio, de tres Seccións: Lingua, Literatura e Historia; no futuro poden ser máis. Cada sección está constituída por grupos de traballo ou Seminarios, tantos como conveñan ás características e a operatividade da sección. O Seminario será responsable intelectual e administrativo ante a Presidencia da Academia e as institucións que financien actividades ou proxectos de investigación dese grupo de traballo, no que sempre ha de figurar, non necesariamente como especialista, o Director (ou Coordinador) da Sección correspondente.

b) Na actualidade, na Sección de Lingua, funcionan os Seminarios de Gramática, Lexicografía e Sociolingüística.

c) As Seccións ou Seminarios reuniranse coa periodicidade necesaria para realizaren eficazmente os traballos encomendados. Poderán reunirse na sede da Academia ou nas delegacións territoriais que a Academia poida establecer en calquera punto do dominio lingüístico galego. Excepcionalmente poderán reunirse na sede dalgunha institución afín. O presidente poderá asistir cando desexe ou xulgue oportuno á reunión destes Seminarios.





## REAL ACADEMIA GALEGA

d) As diferentes Seccións e Seminarios deberán informa-lo Plenario dos traballos realizados, polo menos unha vez por ano. Cando corresponda tamén lle presentarán as propostas que aquel deba sancionar. As actividades das Seccións e Seminarios quedarán recollidas na Memoria anual do Boletín.

e) Tódolos académicos deberán incorporarse ós traballos, polo menos, dalgunha das Seccións, que, en calquera caso, estarán dirixidas por un académico numerario e poderán contar coa colaboración de investigadores que non sexan membros da Academia. Os académicos designados para estes traballos, non poderán escusarse do seu desempeño, salvo caso debidamente xustificado.

f) A Academia organizará ou promoverá congresos, seminarios, cursos, conferencias e outros actos análogos.

g) A Real Academia Galega promoverá a celebración de actos para homenaxear unha persoa ou unha institución que desde Galicia contribuíse ó desenvolvemento da ciencia ou que co seu labor nalgún dos eidos da cultura contribuíse ó proceso de normalización social do idioma galego ou ó afianzamento da identidade de Galicia.


### Artigo 6

a) A Academia realizará estudos sobre a lingua e os seus problemas e difundirá os resultados das súas investigacións. Consonte o estipulado no artigo 2 c) d) e) dos seus Estatutos, promoverá e apoiará iniciativas que axuden a consolida-lo proceso da súa normalización e proporalle ós ámbitos e ás instancias oportunas medidas conducentes á defensa e a unha mellor implantación da lingua. Cando unha situación extraordinaria o esixa, a R.A.G. intervirá publicamente na defensa da lingua galega cos medios e modos propios da institución.

b) Sendo a promoción do galego unha das finalidades estatutarias desta Real Academia, os académicos usarán en Galicia a lingua galega na súa relación social, en especial nas súas clases, conferencias e nas entrevistas nos medios de comunicación.

### Artigo 7

a) Na primeira reunión despois do Día das Letras Galegas, o Plenario da R.A.G. escollerá o persoeiro a quen se lle dedicará esa conmemoración no ano vindeiro. A figura elixida deberá ser autora dunha obra relevante en galego e persoa de calidade cultural e humana que mereza propoñerse como exemplo á sociedade galega de hoxe. En calquera caso deben pasar dez anos entre a súa morte e a designación para ese día. As propostas, razoadas e asinadas por un mínimo de tres académicos, deberán incluírse na convocatoria do Plenario correspondente.





b) A Academia procurará enriquece-la súa Biblioteca, con cantos fondos sexan necesarios e funcionará conforme se especifica no cap. X. Tódolos académicos teñen o deber de enviar á Biblioteca un exemplar de tódalas súas publicacións.

### **CAPÍTULO III**

#### **Elección dos académicos**

##### **Artigo 8**

As vacantes de académico de número declararanse na Xunta ordinaria seguinte á produción da vacante.

##### **Artigo 9**

As propostas só se poderán referir a un candidato; deberáñse facer por escrito, expresando, dun xeito concreto, os méritos do aspirante, e deberán ir asinadas por tres académicos de número, que responderán do asentimento do interesado, no caso de resultar elixido. As propostas deberán presentarse no rexistro da Secretaría da Academia.

##### **Artigo 10**

As propostas presentadas para unha vacante non servirán para outra, cando o candidato non resultase electo, xa que é requisito indispensable a presentación de propostas en cada vacante que se produza.

##### **Artigo 11**


O prazo de presentación de candidatos remata 24 horas antes do Plenario seguinte ó de declaración de vacante. Neste Plenario o presidente fará oficiais as candidaturas e anunciará para o Plenario posterior a votación verbo das propostas.

##### **Artigo 12**

Nun mesmo Plenario só se poderá elixir un académico, aínda que exista máis dunha vacante.

##### **Artigo 13**

Na Xunta xeral ordinaria, na que deba ter lugar a elección, o secretario, ou quen faga as súas veces, lerá as candidaturas e, tralo pertinente debate, procederase á elección por votación secreta. Para saír elixido na primeira votación requírese maioría absoluta do censo de académicos numerarios. Se ningún dos candidatos





## REAL ACADEMIA GALEGA

acadar esa maioría, farase unha segunda votación entre os dous candidatos máis votados, considerándose suficiente nesta segunda votación a maioría de votos favorables dos académicos presentes. En caso de empate repetirase a votación; de persisti-lo resultado, considerarase elixido o candidato de maior idade.

### Artigo 14

A Secretaría da Academia notificaralle ó interesado por escrito e con notificación de recepción o resultado da elección non máis tarde de oito días despois de producida, e achegaralle un exemplar dos Estatutos e do Regulamento, facéndolle reparar nos artigos que prescriben o termo e a forma á que se deberá axusta-la posesión da súa praza.

### Artigo 15

Os elixidos para académicos de número tomarán posesión en Xunta extraordinaria co ceremonial que establece o art. 39 deste Regulamento. A este fin remitiranlle á Academia o discurso de ingreso no prazo de seis meses contados dende a data da comunicación da súa elección. De non facelo nese prazo por razón xustificada, a Academia concederlle outros tres meses. Se neste segundo prazo non entrega o discurso, caducará o nomeamento e procederase a unha nova elección. No caso de que para este atraso exista un impedimento lexítimo e notorio a xuízo da Academia, esta poderá concederlle un derradeiro prazo de tres meses.


### Artigo 16

Os académicos correspondentes deberán reuni-las condicións que sinala o artigo 10 dos Estatutos. En consecuencia, deberán ser persoas que colaboren nos traballos da Academia ou que á institución lle interese incorporar ós seus traballos. O procedemento de elección será o mesmo có sinalado para os académicos de número, coa diferenza de que abundará coa proposta escrita de dous académicos de número. A Secretaría comunicaralle a decisión da Academia á persoa elixida e remitiralle un exemplar dos Estatutos, do Regulamento e mailo título ou diploma correspondente.

Ademais de asistiren ós traballos dos Seminarios que os convoquen, eventualmente o Plenario pode convocalos para oí-lo seu parecer verbo dun determinado punto. Nese caso incorporaranse cando a xuntanza do Plenario chegue á discusión dese punto e nel participarán con voz pero sen voto. Terminado este asunto, o presidente agradecerá-lle a súa presenza e colaboración, e retiraranse.

### Artigo 17

A Academia poderá nomear académicos de honra figuras eminentes que teñan ofrecido valiosos servizos a Galicia nos ámbitos dos que se ocupa esta institución. O procedemento de elección será o mesmo có o sinalado para os académicos de número e a Academia comunicaralle á persoa elixida a decisión e de acordo con ela





## REAL ACADEMIA GALEGA

establecerá unha data para o acto de ingreso. Neste acto un académico numerario designado polo Plenario fará a louvanza do novo académico e este pronunciará unha lección maxistral. A sesión rematará coa entrega da medalla e diploma correspondentes.

### Artigo 18

A antigüidade dos académicos de número contarase desde o solemne acto da súa recepción.

### Artigo 19

Nun mesmo día non poderá ser recibido máis que un académico electo.

### Artigo 20

Cando estean pendentes de recepción dous ou máis académicos electos, terá prelación o elixido na data máis antiga, pero só durante os seis primeiros meses de que fala o artigo 15 deste Regulamento. Transcorrido este prazo, recibirase primeiramente o que antes presentase o seu discurso.

### Artigo 21

Para que poida ter efecto o prescrito no artigo 15 deste Regulamento, o académico electo responderá con notificación de recepción aceptando o nomeamento. A data da comunicación da Academia marca o inicio do prazo para presenta-lo discurso de recepción que o electo deberá ler ó tomar posesión do seu cargo.


Se a pesar do dito no art. 9 transcorresen dous meses sen recibi-la aceptación do electo, terase por non aceptado o nomeamento e anunciarase de novo a vacante.

### Artigo 22

Presentado o discurso polo académico electo, a Corporación procederá, na primeira Xunta xeral ordinaria que celebre, ó nomeamento dunha comisión de tres individuos de número para que, no prazo de 15 días, examine o discurso e emita o correspondente dictame.

Se o dictame é positivo, a Academia, de acordo co socio electo, designará o académico que deba responderlle en nome da Corporación. O presidente concederalle a este o tempo que prudentemente se xulgue preciso para que poida verificarse a sesión no prazo máis curto e non prexudique os dereitos do académico electo.

### Artigo 23







A Academia publicará os discursos de ingreso e entregará un exemplar ás persoas asistentes ó acto de recepción.

## **CAPÍTULO IV**

### **Elección dos cargos académicos**

#### **Artigo 24**

Consonte o art. 24 dos Estatutos, tódolos cargos serán elixidos en votación secreta polo Plenario para un período de catro anos. Ningún académico poderá permanecer no mesmo cargo máis de oito anos consecutivos, aínda que poderá ser elixido para outro cargo.

Procedemento de elección:

a) Tres académicos, consonte o art. 12 dos Estatutos, presentan un candidato a presidente e este propón ó Plenario os nomes dos académicos que comporían con el a Comisión Executiva.

b) A presentación das candidaturas deberá facerse na Secretaría da Academia cun prazo mínimo de corenta e oito horas antes da celebración da votación.


c) Para saír elixido na primeira votación requírese maioría absoluta do censo de académicos numerarios. Se ningún dos candidatos a presidente acadar esa maioría, farase unha segunda votación, entre os dous candidatos máis votados, considerándose suficiente nesta segunda votación a maioría de votos favorables dos académicos presentes. En caso de empate repetirase a votación; de persisti-lo resultado, considerarase elixido o candidato de maior antigüidade como académico numerario.

d) Tendo en conta que as candidaturas a presidente inclúen cadansúa proposta de Comisión Executiva, na votación daquel vai incluída conxuntamente a de cada un dos membros da respectiva Comisión, en cumprimento do art. 24 dos Estatutos.

#### **Artigo 25**

Cando por defunción, renuncia ou cese quede vacante a Presidencia ocupará interinamente este cargo o secretario, que deberá inicia-lo proceso de elección do novo presidente. Este proceso deberá estar concluído nun prazo non superior a tres meses.

#### **Artigo 26**





Os cargos académicos son incompatibles entre si.

## CAPÍTULO V

### Xuntas da Academia

#### Artigo 27

As Xuntas da Academia serán das clases que establece o capítulo IV dos Estatutos.

#### Artigo 28

A elaboración da orde do día é competencia da Comisión Executiva da Academia. Todo académico poderá solicita-la inclusión dun ou varios puntos na orde do día. Cando esta proposta sexa asinada por seis académicos numerarios antes da elaboración da convocatoria oficial, o presidente deberá incluí-lo asunto nela.

A convocatoria das Xuntas, incluíndo a orde do día, e maila acta da reunión anterior, debe facerse con oito días de anticipación.

#### Artigo 29

Se á hora fixada na convocatoria non houber quorum, a Xunta considerarase constituída media hora máis tarde en segunda convocatoria, con tal que os académicos presentes representen un tercio do total. Nese caso, para tomar acordos, cumprirá a coincidencia de dous tercios dos académicos presentes.


Se, pasada media hora, seguise sen haber quorum, o presidente deberá facer unha nova convocatoria que terá lugar nun prazo non superior a corenta e oito horas.

#### Artigo 30

En ausencia do presidente, presidirá a sesión o secretario (e a este substituirao o Vicesecretario). O que así empezase a presidir accidentalmente a sesión non cederá o seu posto senón ó presidente efectivo da Academia, se chegar despois de aberta a sesión.

#### Artigo 31

Cando falte a algunha Xunta o secretario ou, consonte o previsto no art. 26f dos Estatutos, asuma as funcións de presidente, substituirao o Vicesecretario e, en ausencia deste, o académico de máis recente nomeamento que asista ó acto.





## REAL ACADEMIA GALEGA

### Artigo 32

1. A orde das sesións ordinarias será a seguinte:


- a) Lectura e aprobación da acta da sesión anterior, que debe chegar ós académicos numerarios conxuntamente coa convocatoria.
- b) Lectura das comunicacións de que deba darse conta, segundo a orde que sinale o presidente.
- c) Acordos sobre asuntos de goberno interior da Academia, a xuízo da Presidencia.
- d) Conta das adquisicións mencionadas no art. 28 d dos Estatutos.
- e) Conta dos asuntos especiais que se anunciaran na convocatoria.
- f) Proposicións que os académicos fagan á Corporación, consonte os Estatutos e mailo Regulamento.
- g) Informes dos traballos das diferentes Seccións e discusión daqueles aspectos que deba dictamina-lo Plenario.
- h) Rogos e Preguntas.

2. Non se poderá deliberar nin tomar acordo ningún verbo do que non estea na orde do día, agás que, estando presentes tódolos membros do Plenario, o voto da maioría absoluta declare de urxencia ese asunto.

### Artigo 33

O Plenario reunirase unha vez cada dous meses (ou cantas for mester), sendo as súas competencias as seguintes:

- a) A elección de académicos e de presidente e Comisión Executiva e tamén a súa revocación, se se der o caso.
- b) A aprobación das liñas xerais de actuación e mailo control da xestión dos membros da Comisión Executiva.
- c) A análise da marcha dos traballos das diferentes Seccións, Seminarios e Comisións e maila aprobación, se proceder, deses traballos e das propostas a que houber lugar.





## REAL ACADEMIA GALEGA

d) A deliberación e establecemento da opinión oficial da Real Academia Galega.

e) A revisión e aprobación da publicación dos libros que leven o selo da Academia.

f) A creación, modificación ou supresión de Seccións, Seminarios e demais grupos de traballo.

g) A aprobación dos orzamentos e das contas anuais da Academia.

h) A aprobación do informe oficial anual da Comisión Executiva na primeira sesión do ano seguinte.

i) A determinación das cantidades que deberán percibi-los membros da Academia polas funcións que se lle encomenden.

l) A proposta de reforma dos Estatutos da Academia e maila reforma do Regulamento de Réxime Interno.

m) O establecemento das normas de protocolo e ceremonial e calquera outra cuestión de interese xeral.

### Artigo 34

As discusións académicas deberán versar exclusivamente sobre asuntos propios da Academia. O presidente velará porque as discusións se manteñan na obxectividade e no recíproco respecto persoal.


O presidente poderá declarar previamente importante un asunto da orde do día e, nese caso, en primeira convocatoria, para a validez dos acordos será necesaria a asistencia da terceira parte dos académicos de número e que vote a metade máis un do total de académicos; e maioría simple en segunda convocatoria.

Tratándose de asuntos non declarados importantes, abondará que o pida un académico de número para que queden sobre a mesa ata a sesión seguinte.

O presidente dará por suficientemente discutido un asunto cando as sucesivas intervencións non acheguen argumentos novos.

### Artigo 35

a) As votacións do Plenario serán secretas a non ser que, por tratarse dun asunto menor, ocasionalmente o Plenario acorde, por unanimidade, facelo a man alzada. Para a validez dos acordos abondará coa maioría simple de votos favorables á proposta, a non ser nos casos previstos nos Estatutos ou neste propio Regulamento





## REAL ACADEMIA GALEGA

en que se esixa outro tipo de maioría. No caso de que existan máis de dúas propostas alternativas, as dúas máis votadas pasarán a unha segunda votación que se resolverá polo mesmo procedemento. Cando nunha votación se produza empate, decidirá o presidente se o cree oportuno; ende non, procederase a unha nova votación e, se resultase outra vez empate, repetirase a votación na Xunta seguinte, previa nova discusión, na cal só poderá tomar parte un académico en pro e outro en contra. Se nesta segunda volta tamén se producir empate e o asunto for de carácter económico ou de interese para a Corporación, o presidente decidirá co seu voto; noutro caso rexeitarase o asunto.

b) A asistencia ós Plenarios é obrigatoria para os académicos numerarios e o voto é persoal e indelegable, consonte o art. 22 dos Estatutos. Endebén, excepcionalmente un académico pode utiliza-lo voto por correo, a condición de que chegue ás mans do secretario antes do inicio da Xunta do Plenario. O académico que excepcionalmente e por causa xustificada vexa que non vai poder estar presente, poderá deposita-lo seu voto nun sobre cerrado con indicación, no exterior do sobre, da votación á que corresponde. Se quixer participar na votación de varios puntos da orde do día, deberá repeti-lo mesmo proceso con outros sobres. O conxunto dos sobres deberá introducilo noutro sobre grande, dirixido ó secretario e con indicación de que contén votos para o Plenario.


c) De cada sesión o secretario redactará a acta, que especificará as circunstancias de lugar, día, hora, orde do día, asistentes e contido dos acordos. Se así o pedir o académico interesado, figurará o seu voto contrario ó acordo adoptado ou a abstención ou o sentido particular do seu voto favorable. Calquera membro do Plenario pode solicita-la inclusión na acta da súa intervención nas deliberacións, pero deberá entregala por escrito, na redacción máis concisa posible, ben no acto, ben no prazo que razoablemente lle sinale o presidente; e, se non cumprir ese prazo, o secretario non estará obrigado a incluíla na acta.

### Artigo 36

a) Tódolos académicos están obrigados a gardaren segredo das deliberacións da Academia, podendo referirse nos seus escritos ou ante os medios de comunicación unicamente ós acordos tomados, que nunca serán públicos antes do comunicado oficial da propia Institución. Un académico pode expresa-la opinión sobre asuntos da Academia, sempre que das súas palabras non se poida induci-lo contido das intervencións dos demais académicos nos actos non públicos da Academia.

b) En materia de principios lingüísticos, o académico que, nalgún momento, considere oportuno suxerir algún punto de vista distinto ós da institución, deberá ter en conta que o único lugar para expoñer ese punto de vista é a Academia nalgunha das súas sesións.

c) O portavoz natural da Academia ante os medios de comunicación é o presidente ou o académico numerario en quen delegue para este caso. Se se deren





## REAL ACADEMIA GALEGA

situacións especialmente delicadas, o Plenario elaborará e aprobará unha declaración institucional e esa será a única referencia pública a tódolos efectos.

### Artigo 37

Cando se produza algunha situación que requira dictame ou acordo urxente, o presidente procederá a convocar unha Xunta extraordinaria no prazo de vinte e catro horas. Tamén o terá que facer, se llo pedir un tercio dos membros do Plenario.

### Artigo 38


Cando para algún asunto se nomee unha comisión, presidiráa o académico máis antigo, que será o encargado de convocala e reunila e de manter informado o presidente do desempeño do seu cometido. En calquera caso, o presidente poderá asistir a ela sempre que o desexe ou xulgue oportuno e neste caso será el quen presida.

Cando un ou varios académicos, en representación da Real Academia Galega, deban asistir a xuntanzas con outras institucións ou entidades, os comisionados recibirán do presidente un nomeamento que defina o alcance das súas atribucións e deberán actuar en coherencia coas finalidades desta Academia. En caso de que nesas xuntanzas deban tomar algún acordo que comprometa seriamente esta institución, antes de asinalo deberán consulta-lo presidente. En calquera caso, na Xunta inmediatamente posterior, estas representacións darán conta ó Plenario do tratado e acordado.

### Artigo 39

As sesións de recepción serán xuntas extraordinarias, públicas e solemnes. Verificaranse como segue: aberta a sesión polo presidente, o secretario dará conta dos antecedentes relativos á elección e mais do acordo no que se determinou a celebración da sesión; despois disto os dous académicos de máis recente nomeamento entre os presentes irán busca-lo electo e acompañarano ata a tribuna, situada á dereita da presidencia, na que lerá o seu discurso de ingreso que deberá iniciar cunha lembranza do académico a quen el substitúe. Rematada a súa lectura, que non poderá exceder de 45 minutos, responderalle o académico designado para este caso polo Plenario, desde unha cadeira situada á esquerda da presidencia: esta resposta non poderá exceder-las 15 minutos. Concluído este segundo discurso, o presidente proclamará académico de Número o candidato, entregaralle o diploma, poralle a medalla, distintivo da Corporación, e, abrazándoo en nome da Academia, invítarao a sentar entre os académicos. Feito isto darase por concluído o acto e levantarase a sesión.

## CAPÍTULO VI





## **Seminarios e grupos de traballo**

### Artigo 40

Ademais dos seminarios correspondentes ás Seccións enumeradas no artigo 5 a), poderanse constituír no seo da Academia outros grupos de traballo. Uns e outros poderán concorrer ás convocatorias de axudas de organismos públicos ou entidades privadas para recadaren fondos destinados á realización dun proxecto, do que se dará coñecemento oportuno á Comisión Executiva, que posteriormente informará o Plenario. De seren financiados estes proxectos, a Academia abrirá unha partida orzamentaria destinada á súa execución. Neste caso o investigador principal será quen asine a solicitude de axuda e maila aceptación da concesión; será el tamén quen renda contas á entidade que concedera a axuda.

O presidente será quen asine os convenios con calquera entidade pública ou privada, independentemente de que para a súa redacción e para o establecemento de antecedentes, estipulacións e acordos conte co asesoramento do académico responsable da dirección e execución do traballo obxecto do convenio. Igual que no caso anterior, a Academia abrirá unha partida orzamentaria destinada á súa execución.

Para a xestión deses recursos terase en conta o que estipulan os artigos 51 e 52 deste Regulamento.

## **CAPÍTULO VII**

### **Bens da Academia**

#### Artigo 41

A Real Academia Galega considera da súa propiedade:

- a) Todos cantos bens culturais e mobiliarios se conteñen na súa sede social e nas dos seus Seminarios, exceptuados aqueles que estean en réxime de depósito.
- b) Os bens culturais que a Academia ceda en depósito a outras institucións.
- c) Tódolos traballos que se realicen pola súas Xuntas, Comisións e Seminarios. Cando no seo da Academia se realicen traballos financiados mediante convenio con outra entidade ou institución, a propiedade poderá ser compartida.

#### Artigo 42





O funcionamento, conservación e réxime de visitas da Casa Museo de Emilia Pardo Bazán, na sede da Real Academia Galega, será obxecto dun Regulamento específico. Un académico numerario será o coordinador da actividade deses Casa Museo e poderá contar coa axuda técnica dun especialista, que non precisa ser membro da Academia.

### CAPÍTULO VIII

#### **Publicacións da Academia. Certames e outras actividades**

##### Artigo 43

A Academia deberá ofrecer ó concurso público a edición e distribución das obras que queira publicar. Unha comisión designada para este efecto elaborará o prego de condicións e resolverá o concurso, do que dará conta á Comisión Executiva.


##### Artigo 44

Independentemente das publicacións periódicas que poida realizar cada Sección ou Seminario, a Academia manterá un Boletín anual onde dará conta das sesións, acordos e actividades da Corporación e onde inserirá os traballos propios do seu ámbito de actuación.

##### Artigo 45

a) A Academia deberá velar pola calidade científica das publicacións propias e tamén das alleas que avale co seu selo. Para garantir isto, se se tratar de publicacións non periódicas, o Plenario nomeará unha comisión avaliadora constituída non necesariamente por académicos. Un exemplar da obra deberá estar na sede da Academia durante un prazo de 15 días ó dispor de tódolos académicos, que poderán achega-las súas suxestións á comisión; se a complexidade da obra o aconsellar, o Plenario poderá establecer un prazo de exposición máis longo. A comisión emitirá un informe para que o Plenario dea, se proceder, o praxe definitivo para a publicación.

b) Tratándose de publicacións periódicas, todas terán un Consello de Redacción e un Comité Científico que garantirán a calidade científica de cada traballo. O Consello de Redacción estará constituído maioritariamente por académicos numerarios, que non poderán ser nunca menos de tres; o Comité Científico estará constituído por personalidades de recoñecida competencia na área de coñecemento respectiva. Os Consellos de Redacción e mailos Comités Científicos serán nomeados polo Plenario. No caso do Boletín o Consello de Redacción será a Comisión Executiva da Academia.







## REAL ACADEMIA GALEGA

c) As obras de carácter lingüístico que teñan repercusións normativas deberán ser refrendadas polo Plenario antes da súa publicación. A Comisión Executiva establecerá un prazo de revisión destas obras en función da súa complexidade.

### Artigo 46

Cando o autor dun escrito inserido nunha publicación propiedade da Academia desexe inserilo noutra publicación, mesmo se for académico, deberá solicitar previamente a autorización da Academia, quedando obrigado, en calquera caso, a facer consta-lo lugar e data da publicación orixinal.

### Artigo 47

A Academia resérvase por un ano o dereito de publicar illadamente ou en colección, segundo se crea conveniente, aquelas obras que obteñan premio nos Concursos ou Certames que ela convoque, previa corrección por parte do autor das deficiencias detectadas. O mesmo é válido para os relatorios e conferencias presentadas nas reunións científicas que ela organice.

### Artigo 48

Os académicos numerarios e de honra teñen dereito a un exemplar de cada unha das obras que publique a Academia. Os académicos correspondentes e o persoal adscrito á Academia terán dereito a un desconto dun 25%.

Os autores dos traballos publicados pola Academia recibirán 20 exemplares da obra; no caso de obras colectivas recibirán un exemplar da obra e 20 separatas coa súa colaboración. De solicitaren máis exemplares da súa obra, facilitaránselle cun desconto do 25% do PVP.

### Artigo 49

O Plenario debe coñecer e autorizar previamente as actividades extraordinarias que os distintos seminarios organicen por conta propia ou en colaboración con outras entidades.

## CAPÍTULO IX

### Goberno e Administración

#### Artigo 50

Corresponde á Comisión Executiva, en conformidade co artigo 24 dos Estatutos:





## REAL ACADEMIA GALEGA


- a) Executa-los acordos do Plenario.
- b) Asesora-lo presidente nas súas decisións e axudalo nos traballos de representación da Academia.
- c) Mirar pola conservación, restauración e decoro das oficinas, material de traballo e mobiliario, tanto na sede central coma nas delegacións.
- d) Visar e informa-la conta anual de ingresos e gastos que o tesoureiro debe presentar ó Plenario e máis ás entidades e institucións que contribúan a subvencionala.
- e) Visar e autoriza-las resolucións das comisións previstas no artigo 45, referentes ós concursos públicos de edición e distribución das publicacións.
- f) Facerse cargo dos legados, doazóns e herdos que se lle fixeren á Academia, dando posteriormente conta ó Plenario, e aproba-los negocios xurídicos de adquisición, alienación e gravame de bens mobles e os de administración de toda clase de bens.
- g) Decidir nos gastos extraordinarios e urxentes, dando conta ó Plenario na xunta inmediata; en asuntos de menor contía resolverá en por sí o tesoureiro, dando despois conta á Comisión.
- h) Establecer, escoitando o xerente, a lista de persoal ó servizo da Academia, así como a contía e actualización dos seus salarios.
- i) Presentarlle ó Plenario o informe oficial anual dos seus traballos na primeira sesión do ano seguinte.

### Artigo 51

Para o cumprimento do artigo 27d dos Estatutos, terase en conta que tódolos ingresos da Academia, sexan para gastos ordinarios ou para proxectos específicos, serán incorporados a unha conta única independentemente de que para o funcionamento de cada Seminario ou cada proxecto se teña que autoriza-la apertura de partidas orzamentarias propias. As partidas orzamentarias que a Academia ingrese destinadas especificamente para a realización dalgún proxecto deberán ser integramente destinadas a este sen prexuízo de que o Plenario teña puntual información da execución de tales partidas.

### Artigo 52

A Academia asignará dietas para cubri-los gastos de asistencia a sesións académicas ou reunións de traballo. A Academia indemnizará os gastos que calquera académico poida contraer no exercicio dalgún traballo ou comisión.





## REAL ACADEMIA GALEGA

### Artigo 53

A Academia contará cos servicios dun xerente económico profesional que colabore na xestión da contabilidade e asesore o tesoureiro en asuntos fiscais. Nomeado polo presidente, despois de escoita-la Comisión Executiva, o xerente, ten como funcións

- a) Colaborar nas tarefas administrativas e contables propias da Tesourería.
- b) Executa-los acordos de carácter administrativo que tome o Plenario.
- c) Dirixi-los servicios económico-administrativos, en particular do persoal laboral da Academia.
- d) Administra-lo patrimonio, xestiona-lo orzamento, face-los pagamentos e cumprimenta-las obrigas fiscais.
- e) Cuida-lo mantemento do edificio e dos seus servicios.

### Artigo 54

O funcionamento económico da Academia poderá ser obxecto dun Regulamento específico que garanta a eficacia, a transparencia e o respecto á lexislación vixente.

### Artigo 55


Como complemento do disposto no artigo 26 dos Estatutos, o secretario deberá firmar tódalas comunicacións, certificacións e anuncios que en nome da Corporación se expidan, verificándoo por si mesmo e con expresión do seu carácter oficial. Cando a Academia se dirixa ás Autoridades superiores ou a Corporacións de igual ou superior rango, deberá subscribir tamén a comunicación o presidente.

O secretario deberá, ademais, levar un libro con tódolos acordos do Pleno de carácter normativo, garanti-la publicidade dos acordos da Institución, expedir certificacións dos acordos ou dictames oficiais, e redacta-la Memoria anual da Academia, que se publicará no Boletín.

Nos seus traballos será auxiliado polo Arquivero-bibliotecario, que rexistrará en libros copiadores, tódalas comunicacións recibidas e expedidas, coleccionando en cartafolios rotulados os expedientes rematados, comunicacións recibidas e demais documentos que, ben catalogados, pasarán ó Arquivo ó fin de cada ano.

## CAPÍTULO X

### Biblioteca e Museo





## REAL ACADEMIA GALEGA

### Artigo 56

A Academia dispón dunha Biblioteca, Arquivo e Museo, que están constituídos polos fondos que lle son propios e mais polos que acade por compra, doazón, legado ou depósito. Estes fondos están ó dispor dos académicos, e de investigadores e cidadáns na medida das posibilidades da Academia.

### Artigo 57

A documentación do arquivo de xestión da Academia pasará ó seu Arquivo Histórico ós cinco anos da súa produción, salvo que se trate de expedientes inacabados, e a súa consulta non é accesible para o público, de non haber autorización expresa da Academia, ata que pasen trinta anos. Se se tratar de documentación que afecte o honor, a intimidade de persoas ou a propia imaxe, só será accesible coa autorización dos implicados ou ben despois de 25 anos da morte deles ou ben 50 anos despois da data do documento, se a data da morte for descoñecida.

### Artigo 58

A Biblioteca será de libre acceso para investigadores, segundo as posibilidades da Academia, salvo se se tratar de incunables, libros raros e curiosos e deteriorados, en calquera soporte, que precisarían a autorización da Comisión Executiva. As mesmas normas rexerán para o arquivo de imaxe e son.

### Artigo 59

O Arquiveiro-bibliotecario é o responsable da organización dos fondos arquivísticos e bibliotecarios e de informa-lo Plenario conforme o art. 28 d dos Estatutos.

### Artigo 60

O Arquivo e a Biblioteca rexeranse por un Regulamento específico no que se establecerán as normas de recepción, custodia, conservación e acceso de documentos e demais fondos en calquera soporte.

## CAPÍTULO XI

### Faltas e sancións

### Artigo 61





## REAL ACADEMIA GALEGA

1. Considérase falta leve o incumprimento ocasional en asunto grave de algún dos artigos deste Regulamento e a sanción consistirá nunha amoestación en Xunta ordinaria.

2. Considerarase falta grave a reiteración de faltas leves. Considerarase falta grave contra a Institución, que pode dar lugar á perda da condición de académico, segundo o art. 11 dos Estatutos, a non participación en ningún dos traballos das distintas Seccións da Academia, a inasistencia reiterada e non xustificada ás Xuntas ordinarias ou a conducta contraria ás finalidades da Academia sinaladas no art. 2 dos mesmos Estatutos. Ós efectos da sanción prevista nos Estatutos, o Plenario advertirá unha vez o académico da súa situación irregular e, se persistir na mesma conducta, procederá a retirarlle a condición de académico e a iniciar o proceso para cubrila praza vacante.

### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

Este Regulamento só poderá ser modificado total ou parcialmente pola maioría absoluta do Plenario reunido en sesión extraordinaria.

A petición de reforma deberá proceder dunha ou varias Seccións ou ben dun tercio dos académicos de número; dirixirse ó Plenario e irá acompañada dunha xustificación dos cambios que se propoñen e mais dun texto alternativo ó vixente.

